

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### PADRÓN

*Modificación 1 dos membros da xunta de Goberno de Local*

##### ANUNCIO

En cumprimento do establecido nos artigos 46 e 52 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, faise público o seguinte Decreto do Alcalde número 626/2026, do 4 de xuño:

<<Por Decreto da Alcaldía 475/2023, do 3 de xullo, acordouse nomear membros da Xunta de Goberno Local a 3 persoas Concelleiras: María Jesús Campos Varela, Ana Belén Castro García e José Luis Mariño Castro.

Consonte ao establecido no artigo 20.1. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases réximen local (LBRL), no 65 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG) e no 52 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réximen xurídico das entidades locais (ROF), a Xunta de Goberno Local é un órgano necesario en todo municipio con poboación superior a 5.000 habitantes e estará integrada polo Alcalde e un número de concelleiras ou concelleiros non superior ao tercio do número legal dos mesmos, nomeados e separados libremente por aquel.

Puntualiza o apartado 2 do artigo 52 citado do ROF que “a los efectos del cómputo no se tendrán en cuenta los decimales que resulten de dividir por tres el número total de Concejales”.

Tendo a Corporación Municipal de Padrón un total de 13 concelleiras e concelleiros, a Xunta de Goberno Local pode ter como máximo 4 membros, ademais do Alcalde. Sendo así resulta conveniente, para facilitar a xestión ordinaria deste órgano, incorporar un membro máis, polo que,

##### RESOLVO:

**Primeiro.** Modificar a composición da Xunta de Goberno Local do Concello de Padrón, establecida no Decreto 475/2023, do 3 de xullo, de tal xeito que a partir da sinatura da presente resolución as concelleiras e os concelleiros membros deste órgano serán as e os seguintes:

- DONA MARÍA JESÚS CAMPOS VARELA.
- DONA ANA BELÉN CASTRO GARCÍA.
- DON JOSÉ LUIS MARIÑO CASTRO.
- DONA LAURA HORTA IGNACIO.

**Segundo.** Dar traslado da presente resolución aos diferentes servizos municipais e dar conta da mesma ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión que se convoque.

**Terceiro.** Ordenar a publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e notificala a todas as persoas interesadas coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que ditou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.>>

Padrón, 4 de xuño do 2026

O Alcalde

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Anxo Rei Arca

## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL PADRÓN

*Nomeamento dos membros da Xunta de Goberno de Local do Concello de Padrón*

### **ANUNCIO: NOMEAMENTO DOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO DE LOCAL DO CONCELLO DE PADRÓN.**

En cumprimento do establecido nos artigos 46, 52 e 53 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, faise pública o seguinte Decreto do Alcalde número 475/2023, do 3 de xullo:

<<Considerando ao establecido no artigo 20.1. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases réximen local (LBRL), e no 52 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réximen xurídico das entidades locais (ROF), a Xunta de Goberno Local é un órgano necesario en todo municipio con poboación superior a 5.000 habitantes e estará integrada polo Alcalde e un número de concelleiras ou concelleiros non superior ao tercio do número legal dos mesmos, nomeados e separados libremente por aquel.

Considerando que segundo o establecido nos artigos 112 e 113 do ROF e artigos 49º e 50º do Regulamento orgánico municipal (ROM), publicado no Boletín Oficial da Provincia número 27 do 3 de febreiro de 1998 (modificación publicada no Boletín Oficial da Provincia número 293º, do 21 de decembro de 2007), a Xunta de Goberno Local (antiga Comisión de Goberno) celebrará sesións ordinarias cada 15 días no día e hora que fixe o señor Alcalde,

### **RESOLVO:**

**Primeiro.** Nomear ás e aos seguintes concelleiros e concelleiras membros da Xunta de Goberno Local do Concello de Padrón:

- DONA MARÍA JESÚS CAMPOS VARELA.
- DONA ANA BELÉN CASTRO GARCÍA.
- DON JOSÉ LUIS MARIÑO CASTRO.

**Segundo.** Celebrar as sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local do Concello de Padrón os martes ás nove (09:00) horas cada quince (15) días naturais a contar desde a sesión constitutiva que terá lugar no prazo máximo de dez días hábiles dende a presente resolución.

**Terceiro.** Facultar ao señor Alcalde-Presidente para alterar, dentro da mesma ou seguinte semana na que correspondería realizala, o día e hora das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local que coincidan en día festivo ou inhábil.

**Cuarto.** Dar traslado da presente resolución aos diferentes servizos municipais e dar conta do mesmo ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión que se convoque.

**Quinto.** Ordenar a publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e notificala a todas as persoas interesadas coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que ditou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.>>

Padrón, 5 de xullo do 2023

O Alcalde

Asdo. Anxo Rei Arca